

Suplemento
realizado
en parceria
por **ADEGA**
e por Sermos
Galiza



Quinta feira,
9 de xuño
de 2016
Número 6

Caderno de
análise sobre
ecoloxismo e
o ambiente en
Galiza

A relación cos animais en Galiza pode considerarse un bo expoñente dos cambios sociais que están acontecendo, xa non tanto pola crise como pola evolución socio-económica, xeracional e de estilos de vida. Cambios culturais, en definitiva. A loita pola protección dos animais está a acadar éxito na prohibición das touradas e no uso de animais en espectáculos, e vai máis aló, cando se cuestionan as condicións de vida dos animais domésticos e de granxa, denunciadas como maltrato por omisión. Mentres a crise fai aflorar situacións inéditas, o consumismo e a cultura do usar e tirar caracterizan importantes sectores da sociedade e lastran o alcance do cambio. A proba, máis de vinte mil animais abandonados cada ano en Galiza e unha das dietas máis intensivas en carne do noso contorno. >>>>> **2-5 e 8**

Os dereitos dos animais



Artigos de Rubén Pérez (LIBERA) e María Díaz de Piñeiro Mosquera (APADAN). Entrevista a Isabel Kerdudo (ABEIRO e ADEGA).

Cara á erradicación do uso de animais en espectáculos

O movemento popular, organizado en colectivos como Galicia, Mellor Sen Touradas e a Asociación Animalista Libera, ten acadado importantes avances en materia de protección dos animais. A fin das touradas é unha realidade en cidades como A Coruña, Sarria e Padrón, grazas á combinación do activismo coa incidencia política. 46 vilas do país xa se manifestaron de xeito rotundo contra os circos que explotan fauna doméstica e silvestre.

Rubén Pérez

A petición de erradicar as touradas e outros espectáculos que maltratan animais é unha constante ao longo da historia social e política do noso país pero, quizás, este movemento cidadán comezou a acadar pequenos avances e vitorias a partires dun plantexamento de incidencia nos poderes públicos que permitiu que tanto as formacións políticas como a opinión pública nun senso máis amplo tivera unha imaxe real e clara das demandas e das propostas do “animalismo”.

A fin dos subsidios ao entramado taurino é unha campaña de longo percorrido, unha iniciativa de auténtica fontanería política para chegar a resultados como os que se viron despois do 24 de maio de 2015, coas Eleccións Locais. A partires desta data o traballo desenvolvido por organizacións como Galicia, Mellor Sen Touradas e a Asociación Animalista Libera, e as mobilizacións populares masivas no caso da Coruña facilitaron a toma de decisión dos novos gobernos municipais. Así, A Coruña e Sarria anunciaron que non financiarían touradas e Padrón aprobaría, poucos meses despois, unha moción obrigando ao Partido Popular a non dedicar recursos municipais para promover “novilladas”.

Pouco despois xurdían as primeiras deputacións ‘contrarias ás touradas’ co impulso de mocións aprobadas nos plenos provinciais de Pontevedra e A Coruña que pecharon a billa dos cartos públicos para toda clase de dispendios relacionados co mundo taurino. Deputacións que chegaran a mercar entradas, patrocinar con publicidade os eventos

tauromáquicos e mesmo subsidiar a compra de mobles para grupúsculos protauromaquia. Gastos que durante moitos anos tivera que soportar o peto cidadá.

Os primeiros anos de GMST

O prólogo dos éxitos é, naturalmente, pouco coñecido pola xente agás por aquelas persoas que si formaron parte do proceso pois, como se di de xeito habitual, os interiores das campañas non adoitan ser bonitos nin sinxelos. Galicia, Mellor Sen Touradas (GMST) xurdiu en 2008

como unha alianza entre varias entidades, entre as que se atopaba a Asociación Animalista Libera e activistas recentemente aterrados na causa. Os primeiros anos de GMST centráronse na elaboración dun discurso crible e próximo para as galegas e os galegos. Unha vantaxe era que as touradas eran vistas como “aliens” no territorio, recluídas na praza de Pontevedra e nun multiusos da Coruña, e pouco máis.

Todos os mal chamados festexos tauromáquicos do país contaban con apoio público. Desde 2008 a 2010 foron organizados diferentes foros, nomeadamente na cidade herculina, onde a asistencia era relativamente pequena pero onde se foron tecendo novas alianzas, como o traballo con grupos políticos: BNG, Esquerda Unida... E mesmo o labor continuou cara a un dos grandes baluartes da tauromaquia local, o Partido Socialista, que máis adiante viraría obrigado pola maioritaria postura cidadá de non subsidiar nin participar das touradas. As mudanzas, sempre que avancen coa ética e a honestidade, son positivas.

De outubro de 2014 a outubro de 2016

Máis recentes foron as sucesivas protestas “de rúa” apoiadas polas formacións políticas e ducias de organizacións que chegaron ao seu cumio no mes de outubro de 2014, cando

TODOS OS MAL CHAMADOS FESTEXOS TAUROMÁQUICOS DO PAÍS CONTABAN CON APOIO PÚBLICO

“PARA O NOSO TRABALLO, FOI UNHA VANTAXE QUE AS TOURADAS FOSEN VISTAS COMO ‘ALIENS’ NO TERRITORIO”



ao redor de tres milleiros de persoas berraron *Abolición!* polas rúas da Coruña. Era o principio do fin, e un golpe sobre a mesa do rexedor daquel momento, o conservador Carlos Negreira, que meses atrás chegara a afirmar que non subsidiarían a feira taurina. Non engadiu que, ademais do pago directo



Os eventos sen morte

Tampouco outros eventos con animais, neste caso sen morte, son obxecto dunha intensa campaña para seren abolidos. É o caso do uso de fauna doméstica e silvestre nos circos, espectáculos onde segundo multitude de estudos son sometidos a condicións de catividade extrema que minan as súas condicións físicas e psíquicas.

O movemento dos colectivos animalistas comezou nos Concellos, seguindo a liña de iniciativas políticas onde as corporacións de cada vila poderían declararse 'libres de circos con animais' e chegando así a 46 municipios nun prazo aproximado de 4 anos. Estas 46 localidades representan nada menos que ao 59% da poboación galega. Trátase da meirande campaña que as animalistas impulsaron no eido municipalista e agora interpelan, con esta forza, ao propio legislativo e á Xunta, que teñen a obriga moral de escoitar e tomar nota.

A Universidade de Bristol, nun estudo realizado de xeito recente, puña de manifesto que os animais "de circo" son adestrados en base ao estímulo negativo. Isto significa que entre a variedade de métodos de adestramento atópase a privación de alimento e auga, os golpes ou o exercicio do medo. Isto provoca na fauna toda clase de problemáticas derivadas, feridas, tensión, sufrimento, dor. Unha fórmula de ocio que somete aos mesmos a unhas condicións de maltrato continuado que debe ser eliminado.

Alternativas para un ocio saudable e respectuoso

Entanto temos suficientes alternativas para fomentar un ocio saudable, respectuoso e moderno. O propio Novo Circo Galego, ou as referencias máis internacionais de acrobacias, son unha opción real para unha industria cultural máis axeitada aos tempos sociais e morais. Seguir a atormentar animais, confinalos nunha gaiola, ou tratar de capturar a emoción das nenas e nenos con seres vivos caricaturizados polo medo, son posibilidades fora de contexto, desfasadas, e que só repiten a mediocridade intelectual de certas persoas.

A batalla pola defensa dos animais suma e multiplica. Avanzamos cada día cara unha mellor e maior consideración dos seres vivos.

existía un subsidio indirecto polo cal o Concello, cos nosos cartos, cedía, adaptada e "engalanaba" o Coliseum para converterse nunha sorte de coso taurino. Este agasallo superaba, cada exercicio, os 60.000 euros. E nin o público respondía, porque cada ano a meirande parte da audiencia chegaba

cos convites que un coñecido xornal repartía mercando un exemplar. Un choio de pouco máis dun euro polo que levabas unha entrada para a feira taurina... Cunha visión máis completa, superando A Coruña, Sarria e Padrón, e cos aspectos positivos que se están a dar coa mobilización social en Pon-

tevedra, xa existen 20 vilas declaradas 'contrarias ás touradas'.

Con toda a perspectiva do traballado, con dúcias de iniciativas no pleno da corporación da Coruña, coa acción coordinada dos edís de diferentes candidaturas, a situación amosa un panorama moi proclive

para trasladar esta reivindicación ao Parlamento galego. Agora a batalla máis complicada antóllase nun terreo onde a última Proposición de Lei perdeu polos votos do PP, mentres que o resto de grupos parlamentares avalaron a proposta. Que sucederá a partir de outubro?

Abandono e maltrato: faise o camiño ao andar



A Xunta vén de aprobar un Anteproxecto de Lei de Protección dos Animais de Compañía, co que pretendía dar resposta á crecente sensibilización da sociedade na repulsa do abandono e o maltrato dos animais. A norma significa un paso adiante nalgúns aspectos, pero queda a medio camiño en asuntos fundamentais, como son as especies incluídas na súa protección, a catalogación das condutas sancionadas e os prazos de actuación nos centros de recollida, ademais de supoñer un importante incremento da presión sobre as entidades de protección animal galegas.

María Díaz de Piñeiro Mosquera

Neste estado de cousas, o anteproxecto non contentou nin as Asociacións Protectoras, nin colectivos como os cazadores, e lonxe de pacificar este controvertido ámbito, supuxo abrir a caixa dos tronos, recibindo máis de 300 alegacións que aínda están pendentes de resposta.

Abril do ano 2004, domingo:

Abandonaron un can atado cunha corda preto das instalacións da Asociación. O can está moi asustado, é grande, e non deixa que ninguén se achegue. Finalmente rompe a corda e escapa cara a un incerto destino. Ocorreu en moitas ocasións desde entón, pero lembro esa porque para min foi a primeira, e fíxome ver de golpe unha realidade allea ata ese momento, para min e para moitas persoas que pensan que estas cousas só suceden en ámbitos moi concretos. Nada máis lonxe da realidade: como en moitos eidos relacionados, no sufrimento de seres vivos non existe un "perfil" de quen abandona; pode ser calquera: homes, mulleres, con estudos superiores ou sen eles, dun estrato social máis ou menos alto, calquera abandona e calquera queda impune a meirande parte dos casos, xa que os abandonos fanse case sem-

pre a escondidas, como quen tira o lixo nun lugar no que non debe. A historia repítese con demasiada frecuencia, ata acadar os 15.000 animais abandonados en 2015 só en Galicia.

Máis aló do microchip

Segundo o criterio dos poderes públicos, o abandono atallárase conseguindo que todos os cans tivesen o microchip obrigatorio, aínda que non son quen de concretar en canto se reduciría se houbera máis animais con chip. O certo é que o chip non impide o abandono, simplemente obriga a abandonar ao can nunha canceira en vez de deixalo na rúa. Os cans non se abandonan só por non ter chip, pero si que o abandono queda impune cando non é posible atopar ao dono precisamente porque non teñen ese chip. As causas do abandono son moito máis complexas e reflicten o tipo de sociedade que estamos a facer, e os valores que estamos a primar e a transmitir nela. Entre as causas do abandono hai razóns económicas, comportamento do animal, perda de interese, ou nacementos non desexados, entre outras, e o certo é que máis do 80% dos animais abandonados son mestizos en idade adulta e deles, só un 44% son adoptados, situándose o número de sacrificios nas canceiras por riba do 60%.

Para mellorar estas cifras, o mi-



crochip obrigatorio non é suficiente e resulta imprescindible incluír outras medidas. Por unha banda, educativas e divulgativas, facendo campañas de concienciación e tenza responsable de animais, promoción da adopción, e fomento da esterilización dos animais para previr nacementos non desexados; e doutro lado, establecendo un réxime sancionador realista e serio, e poñendo vontade e medios para que se cumpra. En Galicia o abandono está tipificado como infracción grave,

con multas que van desde os 501 ata os 5.000 euros que en raras ocasións se impoñen, ás veces pola dificultade que existe para probar os feitos, e ás veces pola falta de interese real en castigar este tipo de actuacións.

A persecución do maltrato

As cifras do maltrato son moito máis escuras, as liñas están moito máis difusas e existe unha problemática moito maior neste eido. Cando falamos de maltrato temos que diferenciar dous tipos: as infraccións administrativas e os de-

**OS ABANDONOS,
15.000 ANIMAIS
EN 2015, FANSE A
ESCONDIDAS, COMO
QUEN TIRA O LIXO
ONDE NON DEBE**

María Díaz de Piñeiro Mosquera é Licenciada en Dereito pola UNED e Máster en Dereito de Empresa na UDC. Dedicase á protección e defensa dos dereitos dos animais de xeito voluntario desde 2003 e é presidenta de APADAN desde 2006.

APADAN (Asociación Protectora de Animais Abandonados do Noroeste) é unha entidades sen ánimo de lucro constituída en 2000 e ten como obxectivos fundamentais a recollida de animais abandonados, a súa protección e a realización de accións divulgativas e de concienciación.

**O maltrato e malas condicións afectan a todas as especies.
A falta de boas condicións de vida pode considerarse maltrato por omisión.**



Á esquerda, a autora, no refuxio. As Asociacións reciben unha media de 15 denuncias ao mes sobre o estado dos animais. As camadas non desexadas abandónanse continuamente.


litos. Estatisticamente xa non resulta posible acoutar o número de animais maltratados, algúns nin tan sequera se poñen de acordo no que é maltrato.

Con respecto ao tipo delituoso, de feito, tivemos que esperar ata a reforma de 2010 para que o Código Penal español e a Fiscalía Xeral do Estado comezaran a castigar e visibilizar o maltrato por omisión, describindo esta conduta como “manter aos animais en condicións de desnutrición e absoluta falta de salubridade e hixiene. Supostos nos que, como teñen sinalado algunhas sentenzas, o animal é abandonado á súa sorte e condenado así a unha lenta e segura agonía”, defendendo categoricamente a inclusión no precepto de aqueles casos de grave falta de atención e coidado dos animais.

Así mesmo, a redacción que se lle dá ao artigo 337 do Código Penal, no senso de cualificar o maltrato por “calquera medio ou procedemento”, permite máis claramente a aplicación a este tipo delituoso da modalidade de “comisión por omisión”. Por último, o Código Penal protexe igualmente aos animais que define como “amansados”, contemplando a súa aplicación aos animais domésticos e aos “animais dominados polo home ata o punto de habituarse á súa compañía, dependendo do mesmo para a súa subsistencia e tendo chegado a coexistir pacificamente co home”. Aínda que queda moito camiño por facer, sobre todo en Galicia, é importante destacar o avanzado ata agora, no que é fundamental na meirande parte dos casos a proba dos feitos delituosos. É fundamental acadar esas probas, por todo tipo de medios lexítimos, e tratar de asesorármolos o mellor posible, do modo máis discreto e confidencial, como en calquera outra situación na que se investiga un posible delito.

Expedientes por maltrato no eido administrativo

No eido administrativo, no que os poderes públicos son quen de instruír os expedientes sancionadores e impoñer



as correspondentes sancións, a situación é algo máis complicada, dado que en moitas ocasións a decisión de iniciar o procedemento ou non facelo depende do funcionario que reciba a denuncia, do modo no que se redacte e argumente, e dos medios de proba que se aporten. Aquí atopámonos frecuentemente con que non prosperan

os expedientes e non se impoñen as sancións debido a que os informes son relativamente “benignos”, e a apreciación dos feitos é habitualmente moi subxectiva, xa que a lexislación aplicable está repleta de conceptos xurídicos indeterminados, suxeitos a interpretación do funcionario ou inspector.

Con respecto ao número de procedementos por maltrato a animais, no ámbito penal consolídase a liña ascendente, debido segundo a Fiscalía Xeral do Estado á maior sensibilización social, destacando este órgano a implicación e colaboración das organizacións ecoloxistas e publicando anualmente na Memoria Anual da Fiscalía Xeral do Estado os datos estatísticos. Non ocorre o meso cos datos da Administración autonómica, que ven de ocultar tanto os procedementos iniciados e finalizados como o recadado na imposición das correspondentes multas.

A situación dos animais segue a ser dramática, tanto se analizamos as cifras do abandono como se revisamos os procedementos relacionados co abandono e co maltrato que, lonxe de seren disuasorios, semellan estar “de adorno”, obrigando aos colectivos implicados na defensa e protección dos animais e do medio ambiente a redobrar esforzos para conseguir uns pobres resultados na meirande parte das ocasións. Cómpre entón esixir ás Administracións Públicas implicadas a aplicación da lei sen excepcións e a dotación das ferramentas necesarias para facela cumprir.

É demasiado frecuente atopar cans en pésimas condicións.

O maltrato, moitas veces queda impune por falta de interese das autoridades.

Fotos: APADAN



1

— A76: 1.221 millóns de € para estragar a Ribeira Sacra cunha autovía inútil

Unha resolución aprobada nas Cortes por PP, PSOE e Ciudadanos insta o goberno a acelerar a construción da A-76, unha obra innecesaria pola baixa densidade de tráfico, carísima, de grande impacto ambiental sobre formacións e especies únicas en Galiza e que deixaría tocados os valores naturais e culturais da Ribeira Sacra.



2

— Multa de 17.000€ por defender o río Sarria

Defender o río fronte ás arbitrariedades das administracións ten un prezo: preto de 17.000€. É o importe total das multas que a Subdelegación do Goberno en Lugo impuxo a 34 veciños e veciñas de Sarria por evitaren a tala do bosque do río Sarria ao seu paso pola vila. Pola contra, Patrimonio, multou a Confederación Hidrográfica Miño-Sil con 1.062€ por alterar a contorna do Camiño Francés, xusto o que a veciñanza represaliada quería evitar.

Actualidade ambiental en imaxes



— Na Galiza, 36.000 toneladas de pneumáticos agardan a incineración ou o esquecemento

Tres vertedoiros de pneumáticos "históricos" en Galiza (Fene, As Somozas e a Laracha) agardan por un tratamento que, de súpeto, virou prioritario para a Xunta. O "efecto Seseña" revelou o esquecemento dun problema que non interesou até que comezou a fumar. A Xunta pretende incinerar o 80% destes materiais, virando en compostos moi tóxicos.



— ADEGA esixe a retirada do dique ilegal do Miño

Co obxectivo de evitar impactos irreversíbeis, a plataforma "Lugo de Cara ao Miño", da que fai parte ADEGA, vén de presentar un escrito ante o Ministerio e Medio Ambiente, instando á Ministra en funcións, Isabel García Tejerina, a resolver canto antes dito expediente. A plataforma solicita que se obrigue aos responsábeis das obras ilegais a súa retirada en canto as condicións ecolóxicas do río o permitan, é dicir, nos meses de verán. Informa Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA.



5

— Curso de compostaxe en Pontevedra

A finais de maio ADEGA impartiu un curso sobre compostaxe no programa Pisando Forte da Concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra. Houbo teoría e tamén práctica no composteiro comunitario e cos mestres composteiros da Deputación no Príncipe Felipe, e unha visita a Ecocelta, experiencia empresarial baseada na compostaxe e os fertilizantes ecolóxicos.



6

— Proxecto Ríos na bacía do Miño Sil impulsado por un convenio ADEGA-CHMS

Este acordo permitirá realizar actividades de divulgación e posta en valor da riqueza natural dos ríos da bacía do Miño-Sil. Entre outras accións, desenvolverase un campo de voluntariado ambiental no río Tea, saídas formativas con voluntariado e roteiros interpretativos na contorna da bacía do Miño-Sil, así como unha limpeza simultánea de ríos.



7

— Roteiro polo castro de Espasante (Ortigueira)

Alá fomos o 22 de maio, seguindo a Ruta das Algas pola costa de Ortigueira e Mañón, entre Cabo Ortegale e Estaca de Bares, desde o "Esteiro" do río Loiba seguindo polos cantís e praias de Loiba e o seu "mellor banco do mundo". Visitamos o Castro de Loiba e os restos do muiño de vento de O Picón, Céltigos e o seu tradicional aproveitamento de algas, para terminar no pobo mariñeiro de Espasante. O final no xacemento de Punta dos Prados agasalounos coa súa planta semicircular e a presenza de baños de vapor, algo excepcional nos castros galegos.

— Proxecto Tea para a eliminación de flora invasora

Con continuación desde 2007, desta volta coa colaboración da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil realizouse, do 20 ao 22 de maio, un campo de voluntariado ambiental no que tamén houbo un roteiro polo río Alén, na bacía do Tea.



9



8

— X Aniversario da restauración do Monte da Fraga na Universidade da Coruña

No que era un eucaliptal medran agora máis dunha ducia de especies autóctonas dos nosos bosques. A xornada, organizada por ADEGA o 28 de abril, contou cun roteiro interpretado polo Monte (Elvira Sahuquillo), unha exposición sobre Especies Exóticas Invasoras (Biocost-UDC), un obradoiro de eliminación de EEI no propio monte (na foto), ademais de picnic e música tradicional.



10

— XXIII Xornadas de Formación de Coordinadores/as do Proxecto Ríos

As XXIII xornadas tiveron lugar o 23 de abril na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con (Vilagarcía de Arousa). Nesta ocasión buscouse un achegamento ás especies de peixes exóticos nos nosos ríos e como facer o mapeado participativo de EEI en Galiza. Ademais, fíxose entrega do material do Proxecto Ríos aos novos grupos participantes.

«A cadea perpetua é unha forma de maltrato moi habitual no noso país»

Isabel Kerdudo, activista de Abeiro e ADEGA, é vexetariana por razóns éticas e de respecto polos demais animais, seres vivos, moitos mamíferos coma nós, sensíbeis e que sofren coma nós, e tamén polos impactos ambientais da gandería e da acuicultura industrial, coa contaminación e o dispendio de recursos naturais. Non sería posíbel alimentar toda a humanidade cunha dieta similar á occidental.

Manuel Soto

Que te chamou destas dúas asociacións?
Como ecoloxista, levo moitos anos en ADEGA, e decatámonos de que facía falta traballar tamén no eido da protección animal, contra as touradas ou pola protección de especies salvaxes como o lobo. ABEIRO naceu como asociación de voluntari@s ligado ao refuxio de Bando (Compostela). Na actualidade traballamos de forma independente do refuxio.

Cada vez hai máis preocupación polos animais?

Estamos nunha situación dinámica. A parte de ABEIRO existen en Compostela outras asociacións como SOS Animalia, Argo, grupos veciñais como Micos do Barrio, e moitas persoas a título individual que colaboran. O Concello de Santiago distribúe carnets de alimentadores das



“COMO ECOLOXISTA, LEVO MOITOS ANOS EN ADEGA, E DECATÁMONOS DE QUE FACÍA FALTA TRABALLAR TAMÉN NO EIDO DA PROTECCIÓN ANIMAL, CONTRA AS TOURADAS OU POLA PROTECCIÓN DE ESPECIES SALVAXES COMO O LOBO. ABEIRO NACEU COMO ASOCIACIÓN DE VOLUNTARI@S LIGADO AO REFUXIO DE BANDO (COMPOSTELA). NA ACTUALIDADE TRABALLAMOS DE FORMA INDEPENDENTE DO REFUXIO”

Manuel Soto é coordinador do SERMOS ADEGA.

Na imaxe, a Isabelle Kerdudo, alimentando unha colonia felina. As colonias felinas nacen de gatos domésticos abandonados e camadas nadas na rúa. Aplicamos o método CES: Capturar-Esterilizar-Soltar e damos as crías en acollida ou en adopción.

colonias felinas porque a ordenanza municipal prohibe alimentar animais na vía pública, mais estamos agardando a eliminación dese artigo. Agardamos un real apoio do Concello, a creación dunha Concellaría de Protección Animal non é suficiente, a maior parte dos recursos poñémolos as persoas voluntarias. E temos un traballo importantísimo de concienciación contra os malos tratos e o abandono.

Abandono, maltrato, violencia, malas condicións de vida... que hai detrás disto?

O abandono débese á falta de cultura. Un can ou un gato abandonado, probabelmente morra atropelado, envelenado ou tiroteado. A educación é fundamental desde pequenos. Debemos por fin aos circos, carruseis e espectáculos con animais, que sofren o cativerio, transporte e condicións de vida pésimas. Tamén denunciámos o negocio da cría de animais domésticos entre particulares que está prohibido por lei xa que son caldo de abandono e de tráfico.

Tamén cultura antropocéntrica?

Tamén. E hai moitas modalidades de maltrato, unha das formas moi habitual no noso país é a “cadea prepetua”; cans que pasan toda a súa vida atados a unha cadea, sen a mínima liberdade. Non podemos dicir que somos respetuosos cos animais se iso nos parece o normal.

Santuarios para animais?

Si, son refuxios onde se recuperan todo tipo de animais como vacas, porcinos, burros, cabalos, pitas, coellos... que foron vítimas de maltrato. Necesitan a axuda de todas as persoas para atendelos. Nada xustifica un trato tan cruel con seres vivos como o acontecido en Chantada ou Boiro.